




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación de piano

Curso 2018-19

ÍNDICE:

1. Introducción e finalidade das ensinanzas elementais e profesionais de música.	3
2. Metodoloxía.....	3
3. Atención a diversidade.....	4
4. Temas transversais Educación en valores Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación, TIC'S	4
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	6
6. <u>Secuenciación dos cursos</u> - <i>Obxectivos</i> - <i>Contidos e contidos mínimos</i> - <i>Recursos didácticos. Repertorio</i> - <i>Avaliación:</i> <i> Criterios</i> <i> Procedementos de avaliación</i> <i> Criterios de cuantificación e calibración</i> <i> Perda da avaliación continua</i> <i> Medidas de recuperación</i> - <i>Ampliación de matrícula</i> - <i>Atención a diversidade</i>	6
7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	83
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	83
9. A clase colectiva.....	84
10. Anexos.....	104
Probas de acceso.....	104
Premios fin de grao.....	115

Introdución.

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen coma finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

Grao elemental:

No artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Grao profesional: A lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, establece no seo artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que contiñan as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. A **presente programación** da concreción a dito decreto de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste **departamento de tecla**, no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña no curso **2018-2019**. A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional. O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade a garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizada e preparatoria para estudos posteriores.

Metodoloxía

A base metodolóxica dos ensinamentos artísticos instrumentais, é a do método individualizado: as estratexias pedagóxicas deben ser flexibles e estruturadas de forma independente para cada alumno, de acordo coas súas características físicas, psíquicas, artísticas etc. Se os obxectivos e contido básicos son comúns, os métodos para alcanzalos deben ser deseñados en función da individualidade de cada alumno, e modificados de forma permanente para tentar desenvolver o potencial de cada alumno no seu máis alto grao, desde un punto de vista instrumental, creativo e artístico.

Atención a diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
2. Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

Temas Transversais

Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais. Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade

actual. O tratamento destes contidos debe despertar no alumnado una especial sensibilidade cara a dita realidade. O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas ao aula especialmente na práctica de conxunto. Temas como a igualdade de oportunidades entre sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso co medio ambiente ou educación para a paz poderán ser incorporados tanto na clase individual como na de conxunto.

Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá é cada día mais patente, a súa utilización esténdese ata ámbitos insospeitados. O estudo da música nos conservatorios cingúese, na maioría dos casos, á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais. Incluso nestas circunstancias que a priori poden parecer pouco dadas ao uso das TIC's pódense empregar co fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe. O uso de materiais audiovisuais relacionados ca materia xa non é unha novidade nos tempos que corren, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc. Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso no aula para a exemplificación das posibilidades sonoras e técnicas dos instrumentos e a exploración de diferentes posibilidades interpretativas ante un mesmo texto musical. Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas cada vez máis accesibles (videocámaras, gravadoras, tablets, teléfonos, etc) permite analizar no aula as propias actuacións ou interpretacións e así aportar un maior grado de obxectividade á percepción de si mesmo que ten o alumno. O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia xa que facilita a rápida distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso no aula no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes. As plataformas de almacenamento como Dropbox o GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos que poden ser controlados polo profesor. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade especialmente á hora de recompilar información referente ao propio instrumento, obras, compositores, etc. O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados no aula debe respectar en todo momento as leis distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

Actividades culturais de de promoción.

Cada profesor programará unha audición de alumnos en cada trimestre. A asistencia a estas audicións sería recomendable para todos os alumnos matriculados na especialidade. No presente curso, tendo en conta as dificultades tanto de orzamento como organizativas o departamento non proporá ningún tipo de curso ou clase maxistral. Ao longo do curso, poderanse programar clases abertas, audicións de clase e audicións colectivas, si os criterios pedagóxicos do departamento estímano oportuno.

Secuenciación dos cursos:

Grao elemental 1º curso

O deseño dos currículos dos Graos Elemental e Medio dun ensino instrumental ha de cubrir o período de formación máis decisivo da educación dun intérprete. No caso do piano, tanto o carácter de solista que é propio do instrumento como o abundante repertorio de gran factura que esixe o seu estudo, fan aínda máis palpable a evidencia desta afirmación.

O Grao Elemental parte da base incuestionable de que a idade á que normalmente se realiza é moi temprá, iso leva a dificultade de adaptar as programacións a uns alumnos nos que xoga menos a consciencia e máis a capacidade imitativa. As moitas horas de práctica necesarias para adquirir as mínimas capacidades e destrezas esixibles neste niveis, deben racionalizarse tratando de presentar textos atractivos que estimulen o coñecemento da linguaxe musical dun modo natural, que se apoiem na importancia da memoria e que aprendan a desmitificar a actuación e público. Aprender a ler correctamente a partitura, prestando atención a cada un dos signos e indicacións que nela aparezan, é un hábito que debe adquirirse nesta etapa. Cultivar o gusto polo traballo ben feito, por unha execución de calidade, esteticamente coherente e tecnicamente correcta, é un obxectivo irrenunciabile dende o primeiro momento da formación pianística.

A finalidade do **grao elemental** é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Obxectivos

Grao elemental:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar música de

diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

- Coñecer e valorar a importancia da respiración e o dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación musical.
- Interpretar en público, con seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos.
- Ser consciente do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico. Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e do galego en particular, como medio do enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Obxectivos do curso

- Lograr unha posición correcta ao piano.
- Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.
- Explorar e recoñecer as posibilidades sonoras do piano.
- Adquirir os movementos básicos da técnica pianística.
- Adquirir sentido del pulso y ritmo básicos. Fluidez na lectura básica.
- Interpretar un repertorio con carácter e estilo adecuados.
- Tocar en público.
- Iniciar e desenvolver un hábito de estudo diario.
- Alcanzar certo grado de autonomía no estudo.

Contidos

- Consecución dunha correcta posición ante o teclado.
- Lectura nas claves de sol e fa en 4ª.
- Adquisición dun sentido do pulso e ritmo básicos.
- Recoñecemento dos principais signos de dinámica.

- Recoñecemento dos principais signos de agogia.
- Coñecemento da numeración correspondente a dixitación.
- Diferencia do picado e legato.
- Inicio na práctica dos pedais.
- Realización dos primeiros exercicios de memorización.
- Participación en audicións públicas.

Contidos mínimos.

- O alumno interpretará de **memoria como mínimo 2 obras**. O número total de obras do programa será determinadas polo profesor.

O alumno tocará polo menos unha vez en público durante o curso, sempre coa autorización previa do profesor, actividade que forma parte do proceso de avaliación.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras *orientativa* do nivel esixido

Importante:

Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

1º Grao elemental

- O Piano, Tchokov-Gemiu.
- Cadernos de Adiana, García Abril.
- Cantos de España, Nomar.
- Piano básico Niveis 1 e 2.
- Meu primeiro libro de piano, Lemoine.
- Estudos Op. 599, Czerny.
- Os cinco dedos, Czerny.
- Mikrokosmos 1, Bartok.
- Basic Jazz, Manel Camp.
- Método de Piano, Bastien.

Criterios de avaliación.

1er trimestre

- Valorarase positivamente que o alumno sente correctamente fronte ao teclado.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.

- Será imprescindible que o alumno aprenda a colocación básica da man sobre o teclado.
- Valorarase positivamente a asistencia continuada ás clases e a actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno toque polo menos 10 pezas entre as que figurarán estudos técnicos e obras de diferentes autores e estilos.
- Será imprescindible que o alumno aprenda á lectura das notas e figuras. Ritmo e pulso

2º trimestre

- Valorarase positivamente que o alumno sente correctamente fronte ao teclado, e non presente tensións innecesarias no transcurso da interpretación.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Será imprescindible que o alumno coloque correctamente a man sobre o teclado do piano.
- Valorarase positivamente a asistencia continuada ás clases e a actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno toque polo menos 10 pezas entre as que figurarán estudos técnicos e obras de diferentes autores e estilos.
- Será imprescindible que o alumnos interprete con corrección no referente á lectura de notas e figuras. Ritmo e pulso.
- Valorarase positivamente que o alumno aprenda a diferenciar de forma correcta as indicacións de legato e non legato escritas na partitura.
- Será imprescindible que o alumnos interprete diferenciando de forma básica a melodía do acompañamento, en pasaxes sinxelas.
- Alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

3er trimestre

- Valorarase positivamente que o alumno sente correctamente fronte ao teclado, e non presente tensións innecesarias no transcurso da interpretación.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Será imprescindible que o alumno coloque correctamente a man sobre o teclado, e non presente tensións nos dedos, que dificulten a interpretación.
- Valorarase positivamente a asistencia continuada ás clases e a actitude nas mesmas.

- Será imprescindible que o alumno toque polo menos 10 pezas entre as que figurarán estudos técnicos e obras de diferentes autores e estilos.
- Será imprescindible que o alumnos interprete con corrección no referente á lectura de notas e figuras, así como as indicacións dinámicas mais sinxelas. Ritmo e pulso.
- Valorarase positivamente a realización da frase nas pasaxes melódicas máis sinxelos.
- Será imprescindible que o alumno toque polo menos unha vez en público durante o curso.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo outra obra.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores evalúan aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación:

- **Avaliación puntual.** O profesor poderá realizar exames mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.
- Audicións. O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicións ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais.

Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento...etc.. **20%**.

Para ter opción a facer media, e polo tanto, aprobar, o alumno deberá acadar un 5 en cada un dos apartados sinalados.

Perda da avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

A comisión de coordinación pedagóxica acordou que o número máximo de faltas sen xustificar serán de catro clases na asignatura de Piano, que levará á perda do dereito a avaliación continua.

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistira nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

1. O alumno deberá interpretar o programa de acordo con contidos e obxectivos do curso.
2. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.
3. No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probas extraordinarias de setembro**.

Probos extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro consistirá:

- 1) Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos mínimos.
- 2) Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o

grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.

- 3) Os criterios de avaliación e a súa cuantificación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Criterios para a ampliación de matrícula

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias.

No Departamento de Tecla, os profesores tutores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faránlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido a perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

Atención a diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.

2. Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente.

A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respectar os mínimos esixibles fixados na programación.

Grao elemental 2º Curso

O deseño dos currículos dos Graos Elemental e Medio dun ensino instrumental ha de cubrir o período de formación máis decisivo da educación dun intérprete. No caso do piano, tanto o carácter de solista que é propio do instrumento como o abundante repertorio de gran factura que esixe o seu estudo, fan aínda máis palpable a evidencia desta afirmación.

O Grao Elemental parte da base incuestionable de que a idade á que normalmente se realiza é moi temprá, iso leva a dificultade de adaptar as programacións a uns alumnos nos que xoga menos a consciencia e máis a capacidade imitativa. As moitas horas de práctica necesarias para adquirir as mínimas capacidades e destrezas esixibles neste niveis, deben racionalizarse tratando de presentar textos atractivos que estimulen o coñecemento da linguaxe musical dun modo natural, que se apoiem na importancia da memoria e que aprendan a desmitificar a actuación en público. Aprender a ler correctamente a partitura, prestando atención a cada un dos signos e indicacións que nela aparezan, é un hábito que debe adquirirse nesta etapa. Cultivar o gusto polo traballo ben feito, por unha execución de calidade, estéticamente coherente e tecnicamente correcta, é un obxectivo irrenunciabile dende o primeiro momento da formación pianística.

A finalidade do **grao elemental** é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Obxectivos

Grao elemental:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e o dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación musical.
- Interpretar en público, con seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación
- Interpretar música en grupo, habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos.
- Ser consciente do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e a do galego en particular, como medio no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Obxectivos do curso

- Lograr unha lectura fluída das claves de sol e fa en 4ª.
- Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.
- Adquisición dun sentido do pulso e ritmo básicos
- Recoñecer os signos de dinámica: pp, mp, ff.
- Diferenciar o legato, picado e portato.
- Exercitar o paso do pulgar: inicio.
- Diferenciar a posición aberta e pechada da man.
- Recoñecer os signos de agogia.
- Exercitar os primeiros fraseos.
- Utilización dos pedais.
- Ser capaz de memorizar correctamente.
- Tocar en público.

Contidos

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Consecución duna lectura fluída nas claves de sol e fa en 4ª.
- Recoñecemento dos signos de dinámica.
- Diferenciación entre legato, picado e portato.
- Adquisición dun sentido do pulso e ritmo básicos
- Execución do paso do pulgar. Preparación para as escalas.
- Diferenciación entre a posición aberta e pechada da man.
- Recoñecemento dos distintos signos de agógica.
- Execución dos primeiros desprazamentos laterais dos brazos.
- Realización das primeiras ligaduras de fraseo.
- Utilización dos pedais.
- Memorización de obras de diferentes estilos.
- Participación en audicións públicas.

Contidos mínimos.

- O alumno interpretará polo menos 10 obras, e dúas **delas de memoria**.
- O alumno tocará polo menos unha vez en público durante o curso, sempre coa autorización previa do profesor, actividade que forma parte do proceso de avaliación.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras *orientativa* do nivel esixido

Importante:

Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

2º Grao elemental

- Ana Magdalena Bach.
- Estudos Op. 150, Kohler.
- Estudos Op. 151, Kohler
- For Children, Bartok.
- Estudos, Burgmuller.
- Pezas infantís, Durán.

- Sete Xoguetes, Groba.
- Metodo Ruso, Nikolaev.
- O piano, Tchovov-Gemiu.
- Álbum da mocidade, Schumann.
- Sonatinas, Diabelli, Clementi, Beethoven etc.
- Pezas para nenos, Kabalevski.

Criterios de avaliación

1er trimestre

Valoraranse os seguintes conceptos:

- Completa adquisición e desenvolvemento dos obxectivos mencionados no curso anterior.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Interpretación clara e correcta da simultaneidade de acordes.
- Coñecemento do emprego dos pedais e as súas funcións
- Interpretación lóxica e musical das diferentes pezas do repertorio traballadas.
- A asistencia continuada ás clases e actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno complete o programa correspondente de 4 obras.

2º trimestre

Valoraranse os seguintes conceptos:

- Execución correcta na igualdade do son.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Interpretación clara e correcta da simultaneidade de acordes e a relación coa súa función acompañante respecto da melodía.
- Uso correcto dos pedais.
- Interpretación lóxica e musical das diferentes pezas do repertorio traballadas.
- A asistencia continuada ás clases e actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno complete o programa correspondente de 3 obras.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.

3er trimestre

Valoraranse os seguintes conceptos:

- Execución correcta e sen defectos na igualdade do son das pasaxes con paso do

pulgar.

- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Interpretación clara e correcta da simultaneidade de acordes e a relación coa súa función acompañante respecto da melodía que deberá diferenciarse dinamicamente con claridade: *cantabile*.
- Uso correcto e sen mixturas dos pedais.
- Interpretación lóxica e musical das diferentes pezas do repertorio traballadas.
- A asistencia continuada ás clases e actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno complete o programa correspondente de 3 obras.
- O alumno interpretará de memoria como mínimo 1 obra.
- Será imprescindible que o alumno toque polo menos unha vez en público durante o curso.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores avaliarán aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Partindo da avaliación continua, os profesores poden establecer probas de avaliación:

- **Avaliación puntual.** O profesor poderá realizar exames mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.
- Audicións. O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicións ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenrolo da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación e o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais.

Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as

inferiores a 5.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenrolo do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

-Criterios actitudinais:

Actitude, interese, comportamento...etc.. **20%**.

Perda da avaliación continua

O proceso de aprendizaxe artístico nos niveis elemental e profesional require un seguimento constante por parte do profesor e polo tanto a asistencia regular ás clases.

A comisión de coordinación pedagóxica acordou que o número máximo de faltas sen xustificar serán de catro clases na asignatura de Piano, que levará á perda do dereito a avaliación continua.

Os alumnos que perdan dito dereito, terán que someterse a un exame, ao que será convocado polo profesor. Consistirá nos seguintes puntos, tendo en conta os contidos xerais do curso reflectidos na programación:

1. O alumno deberá interpretar o programa esixido de acordo con contidos e obxectivos do curso.
2. Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados para cada curso.
3. No caso de que o alumno non tocara en público o número de veces esixidos na programación, o fará diante de quen o profesor estime oportuno.

Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación trimestrais

Farase a recuperación na propia clase. O profesor fixará unha data para facer o exame de recuperación cos mesmos contidos que os do trimestre non superado.

O alumno que ao final do curso non consiga acadar unha cualificación positiva, terá dereito a presentarse ás **probas extraordinarias de setembro**.

Probos extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro consistirá:

- 1) Os alumnos deberán interpretar o programa completo esixido nos contidos

mínimos.

- 2) Avaliarase a corrección técnica e estilística das obras interpretadas así como o grao de cumprimento dos obxectivos programados no curso.
- 3) Os criterios de avaliación a súa cuantificación son os mesmos que figuran para os tres trimestres do curso correspondente. (Consultar programación)

Medidas de recuperación para cursos pendentes

O alumno que teña un curso pendente, matricularase do curso seguinte ademais do curso pendente. A recuperación da materia deberá realizarse na clase do curso seguinte.

Mentres non alcance os niveis esixidos e teña superado o curso pendente, non poderá acadar unha cualificación positiva no curso superior.

Criterios para a ampliación de matrícula

Para que un alumno lle sexa concedida a ampliación de matrícula, terá que ser co beneplácito de todos os profesores que lle están a impartir as distintas materias.

No Departamento de Tecla, os profesores tutores, informarán os demais profesores dentro do primeiro trimestre, e faranlles un exame para avaliar os contidos propios do curso a superar. Dito exame será similar ao que aparece no apartado referido a perda da avaliación continua. O alumno deberá demostrar que domina os contidos do curso no que se matriculou e terá que mostrar o grao de aptitudes e capacidade para superar o seguinte.

Atención a diversidade

O alumnado do Conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio alto, cunha grande capacidade de traballo pois ten que compaxinar os estudos de música cos de ensinanzas xerais. As motivacións para estudar no Conservatorio son distintas e poden variar conforme se suceden os cursos. Os motivos polos que inician os estudos musicais poden ser por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretenemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Entón, teremos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes e ritmos de traballo polo que será de vital importancia a atención á diversidade do alumnado para adaptarse ás súas necesidades e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a Adaptación Curricular, conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo. ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presentan na aula, o profesor poderá plantexar as seguintes estratexias:

1. Adaptacións do material didáctico, que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan os diferentes graos de aprendizaxe.
2. Variacións da metodoloxía para adaptala ás necesidades de cada alumno.
3. Propoñer actividades de traballo diferenciadas. O profesor fará unha análise dos contidos da materia e preparará actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
4. Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
5. Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose ao alumno individualmente. A adaptación dos obxectivos e por tanto dos contidos terá que respetar os mínimos esixibles fixados na programación.

Grao elemental 3º curso

O deseño dos currículos dos Graos Elemental e Medio dun ensino instrumental ha de cubrir o período de formación máis decisivo da educación dun intérprete. No caso do piano, tanto o carácter de solista que é propio do instrumento como o abundante repertorio de gran factura que esixe o seu estudo, fan aínda máis palpable a evidencia desta afirmación.

O Grao Elemental parte da base incuestionable de que a idade á que normalmente se realiza é moi temprá, iso leva a dificultade de adaptar as programacións a uns alumnos nos que xoga menos a consciencia e máis a capacidade imitativa. As moitas horas de práctica necesarias para adquirir as mínimas capacidades e destrezas esixibles neste niveis, deben racionalizarse tratando de presentar textos atractivos que estimulen o coñecemento da linguaxe musical dun modo natural, que se apoiem na importancia da memoria e que aprendan a desmitificar a actuación e público. Aprender a ler correctamente a partitura, prestando atención a cada un dos signos e indicacións que nela aparezan, é un hábito que debe adquirirse nesta etapa. Cultivar o gusto polo traballo ben feito, por unha execución de calidade, esteticamente coherente e tecnicamente correcta, é un obxectivo irrenunciabile dende o primeiro momento da formación pianística.

A finalidade do **grao elemental** é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Obxectivos

Grao elemental:

- Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión

cultural dos pobos e das persoas.

- Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- Coñecer e valorar a importancia da respiración e o dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental.
- Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación musical.
- Interpretar en público, con seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación
- Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos.
- Ser consciente do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico.
- Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Ser consciente da importancia dunha escoita activa.
- Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral e do galego en particular, como medio no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Obxectivos do curso

- Resolver problemas rítmicos en mans diferentes.
- Lograr un aproveitamento adecuado das clases semanais: actitude, comportamento, regularidade no estudo.
- Conseguir iniciarse na independencia de mans.
- Practicar o paso do pulgar. Escalas. Arpexios.
- Practicar arpexios e escalas en dúas oitavas.
- Estudar polifonía dentro dunha mesma man.
- Recoñecer todos os signos de agógia.
- Afianzar o sentido do pulso e ritmo
- Recoñecer todos os signos de dinámica.
- Diferenciar o picado do legato.
- Utilizar os pedais
- Ser capaz de memorizar correctamente.

- Tocar en público.

Contidos.

- Consolidación dos contidos do curso anterior.
- Resolución de problemas rítmicos en mans distintas.
- Inicio na independencia de mans. Resolución das dificultades técnicas e musicais do repertorio do curso.
- Páctica paso de pulgar. Escalas en dúas octavas mín.
- Práctica de arpexos en dúas oitavas mín.
- Estudo da polifonía dentro duna mesma man.
- Recoñecemento de todos los signos de agógia.
- Recoñecemento de todos os signos de dinámica.
- Diferenciación entre picado e legato.
- Utilización do pedal de acentuación.
- Memorización de obras de diferentes estilos.
- Participación en audicións públicas.

Contidos mínimos

- O alumno deberá interpretar polo menos 3 estudos, 1 obra barroca, 1 obra clásica, 1 obra romántica, 1 obra moderna. Exercicios , escalas e arpexios indicados polo titor.
- Polo menos interpretáranse **dúas obras de memoria** de diferentes estilos, podendo ser unha delas un só dos estudos. Aceptarase tamén un só dos movementos da Sonatina como obra a memorizar.
- O alumno tocará polo menos unha vez en público durante o curso, sempre coa autorización previa do profesor, actividade que forma parte do proceso de avaliación.

Recursos didácticos

Para o cumprimento da programación de cada curso, o profesor poderá utilizar o material didáctico que estime oportuno.

Lista de obras orientadora do nivel esixido

Importante:

Poderán interpretarse outras obras de equivalente dificultade.

3º Grao elemental

Obras didácticas:

- Estudos Op. 100, Burgmuller.
- Estudos Op. 849, Czerny.
- Estudos Op.100, Bertini.
- Estudos Op. 37, Lemoine.

Obras barrocas:

- Pequenos preludos, Bach.

Obras clásicas:

- Sonatinas de Beethoven, Diabelli, Clementi, etc.

Obras Románticas:

- Álbum de nenos, Tchaikowsky.
- Álbum da mocidade, Schumann
- Valses, Schubert.

Obras modernas:

- Pezas infantís; Shostakovich.
- Pezas infantís, Prokofiev.
- Pezas infantís, Casella.
- 5 dedos, Stravinsky.

Criterios de avaliación

1er trimestre

Valoraranse os seguintes aspectos

- Que diferencie escoitando e executando, obras de diferentes estilos.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Que diferencie con claridade unha nota do resto do acorde.
- Que diferencie dinamicamente as distintas voces en pasaxes polifónicas.
- Que analice as grandes liñas das diferentes obras traballadas.
- Que empregue correctamente os pedais.
- A asistencia continuada ás clases e actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno complete o programa correspondente de 3 obras ou estudos técnicos.

2º trimestre

Valoraranse os seguintes aspectos

- Que diferencie escoitando e executando, obras de diferentes estilos.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Que diferencie con claridade unha nota do resto do acorde.
- Que diferencie dinamicamente as distintas voces en pasases polifónicos.
- Que analice as grandes liñas das diferentes obras traballadas.
- Que empregue correctamente os pedais.
- A asistencia continuada ás clases e actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno complete o programa correspondente de 2 obras ou estudos técnicos.
- O alumno interpretará de memoria e con fluidez como mínimo 1 obra.

3er trimestre

Valoraranse os seguintes aspectos:

- Que diferencie escoitando e executando, obras de diferentes estilos.
- Valorarase a consecución de todos os contidos reflexados na programación.
- Que diferencie con claridade unha nota do resto do acorde.
- Que diferencie dinamicamente as distintas voces en pasaxes polifónicas.
- Que analice as grandes liñas das diferentes obras traballadas.
- Que empregue correctamente os pedais.
- A asistencia continuada ás clases e actitude nas mesmas.
- Será imprescindible que o alumno complete o programa correspondente de 2 obras ou estudos técnicos.
- O alumno interpretará de memoria e con fluidez como mínimo 1 obra.
- Será imprescindible que o alumno toque polo menos unha vez en público durante o curso.

Procedementos de avaliación

Nos Graos elemental e profesional, os profesores avalían aos seus alumnos tendo en conta os obxectivos, contidos e os criterios de avaliación establecidos na programación e no currículo.

A avaliación será continua, cualitativa e integradora e o profesor valorará de forma constante o progreso dos alumnos ao longo de todo o curso, así como a súa asistencia e actitude.

Partindo da avaliación continua os profesores poden establecer probas de avaliación:

- **Avaliación puntual.** O profesor poderá realizar exames mensuais, trimestrais ou con calquera outra periodicidade como ferramenta de avaliación. Se valorará o rendemento do alumno así como a calidade e cantidade de traballo presentada.
- Audicións. O profesor valorará o comportamento do alumno nas audicións ou concertos programados polo departamento.

A cualificación final non será a media das cualificacións parciais. Esta cualificación final será a que teña en conta o desenvolvemento da capacidade do alumno durante o curso, significará o nivel de preparación o grao de madurez que este leva, para facerlle fronte ao curso seguinte.

Os resultados das avaliacións expresaranse mediante a escala numérica de 1 a 10 sen decimais.

Considéranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a 5, e negativas, as inferiores a 5.

Criterios de cuantificación e calibración

-Criterios técnicos:

Técnica, resolución das dificultades, hixiene postural, desenvolvemento do oído interno etc...**40%**.

-Criterios estéticos:

Interpretación e coñecemento dos diferentes estilos, calidade do son en relación co estilo, creatividade, resultado musical, capacidade de comunicación..etc... **40 %**.

